



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 27 DE XULLO DO 2017.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas e quince minutos do día vinte e sete de xullo do dous mil dezasete, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación





B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	21/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO	Substitución de radiador e batería do furgón de atestados Peugeot Boxer 4314 FDT da Policía Local		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ELECTRO GALLEGO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ELECTRO GALLEGO, S.L.		
NIF/CIF:	B15318298		
Importe (IVE incluído):	839,45 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	21/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Publicación dunha páxina a cor o 02/08/2017 en edición Barbanza, así como a distribución de 1.600 exemplares e 60 cuñas de radio nun programa especial en Radio Voz, que emite dende Riveira, co motivo do especial das Festas de Verán de Riveira.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.		
NIF/CIF:	A15000649		
Importe (IVE incluído):	2.331,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	3	Data	21/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Publicación dunha páxina de publicidade do concello en El Correo Gallego, co motivo do especial das Festas de Verán de Riveira.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.		
NIF/CIF:	A15000391		
Importe (IVE incluído):	1.815,00 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	4	Data	21/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Publicación dunha páxina de publicidade do concello no Diario de Arousa, co motivo do especial das Festas de Verán de Riveira.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.		
NIF/CIF:	B15162068		
Importe (IVE incluído):	1.089,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	21/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Emisión dun spot publicitario no Canal Barbanza a emitir durante dez días ademais da cobertura das festas, co motivo do especial das Festas de Verán de Riveira.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EVENTOS INSUELA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EVENTOS INSUELA, S.L.		
NIF/CIF:	B70369756		
Importe (IVE incluído):	847,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	21/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Realización dun programa especial (D´Festa en Festa) sobre as Festas do Verán con 40 minutos de duración, así como un spot publicitario a emitir 4 veces ao día dende a semana antes do comezo das festas e no transcurso das mesmas.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	TELEVISIÓN DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	TELEVISIÓN DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, S.L.		
NIF/CIF:	B36223600		
Importe (IVE incluído):	1.936,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	26/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Administrador da Lonxa Municipal de Riveira José M. Orellán		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de 25 rolos de papel térmico para etiquetaxe para Zebra ZM400, e 25 rolos de papel térmico para etiquetaxe para		





CONCELLO
DE
R I V E I R A
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

		Citizen	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GALLEGA DEL ETIQUETADO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GALLEGA DEL ETIQUETADO, S.L.		
NIF/CIF:	B36756005		
Importe (IVE incluído):	560,84 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	26/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de materiais de fontanería para diversos arranxos nos aseos do CEIP O Grupo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ALMACENES JUAN PEGO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ALMACENES JUAN PEGO, S.L.		
NIF/CIF:	B15768435		
Importe (IVE incluído):	521,75 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	26/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de materiais (chapa alupanel, caixas remaches, botes de Sika branco) para restauración dos banquillos do campo de fútbol de herba natural da Fieiteira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DIGAR DE ARTES, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DIGAR DE ARTES, S.L.		
NIF/CIF:	B15515695		
Importe (IVE incluído):	1.239,62 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	20/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de 120 pechaduras e 12 xogos de manillas para a instalación en todas as portas dos vestiarios, aseos, caldeira e duchas do polideportivo de Sirves		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.		






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

NIF/CIF:	B70474747
Importe (IVE incluído):	593,58 €
Observacións:	

Nº Proposta	10	Data	18/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Realización da actividade de contacontos "Os xoguetes de Clio", no Auditorio Municipal o 05/08/2017, incluída no programa de actividades de dinamización lingüística e educativas do mes de agosto de 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	POLO CORREO DO VENTO, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	POLO CORREO DO VENTO, S.C.		
NIF/CIF:	J94077047		
Importe (IVE incluído):	250,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	11	Data	18/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Realización da actividade de contacontos de Paula Carballeira "Volcán, o cabalo salvaxe de Sálvora e outras historias de liberdade", no Auditorio Municipal o 26/08/2017, incluída no programa de actividades de dinamización lingüística e educativas do mes de agosto de 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BERROBAMBÁN, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	BERROBAMBÁN, S.L.		
NIF/CIF:	B70096433		
Importe (IVE incluído):	300,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	11	Data	18/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos en concepto de imprevistos que poidan xurdir para o bo desenvolvemento do programa de actividades de dinamización lingüística e educativas do mes de agosto de 2017		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			





Importe:	200,00 €
Observacións/Anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o programa de actividades de dinamización lingüística e educativas do mes de agosto de 2017

III.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **José Manuel García Figueiras**, de data 23/05/2017 (Rexistro de entrada nº 8.266), no que solicita licenza de obras para substitución de cuberta de anexo a vivenda unifamiliar existente no lugar de Balteiro nº 5, Oleiros, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A02800008.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, **Jesús García Ramos**, de data 21/06/2017, e visto no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, **José Martínez de Llano Orosa**, de data 17/07/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER ao Sr. **José Manuel García Figueiras** **LICENZA DE OBRAS (Nº 35/17)** para **SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DE ANEXO** a vivenda unifamiliar existente no lugar de Balteiro nº 5, Oleiros, Riveira en parcela con refª catastral nº





15074A02800008, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia de data 15 de maio de 2017 redactado polo Sr. Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras, **Oficio de Dirección e Execución Material**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

Segundo.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*





- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Legalización de entreplanta en local comercial.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0714603NH0101S0045FI.

SITUACIÓN: Rúa Amarella nº 4, Edificio Amarella 2, Portal - I, Riveira.

PROMOTOR/A: Sr. José Carlos Cañestro Lijó.

AUTOR/A PROXECTO: Sr. José Manuel Dios Tomé, (enxeñeiro técnico industrial Col. nº 2.166)

PROXECTO: Proxecto de Legalización visado polo C.O.E.T.I. de A Coruña de 12 de maio de 2017.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 14.648,92 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Sr. José Carlos Cañestro Lijó, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 9 de xuño de 2017, (Rexistro de entrada nº 9.780), licenza de obra de legalización de entreplanta en local comercial existente e edificación sita en parcela con refª catastral nº 0714603NH0101S0045FI na Rúa Amarella nº 4, Edificio Amarella 2, Portal - I, Riveira, achegándose Proxecto de Legalización visado polo C.O.E.T.I. de A Coruña de 12 de maio de 2017 redactado polo Sr. José Manuel Dios Tomé, (enxeñeiro técnico industrial Col. nº 2.166).





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Segundo.- O Arquitecto Técnico Municipal Sr. Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe na data 21 de xuño 2017 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da legalización de obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal co seguinte tenor literal:

“
(...)

INFORME URBANÍSTICO

SOLICITUD DE LICENCIA DE LEGALIZACIÓN DE LA CONSTRUCCIÓN DE UNA ENTREPLANTA EN LOCAL COMERCIAL		
PROMOTOR	CAÑESTRO E HIJOS, S.A.	
LOCALIZACION	Rúa Amarelle 4. Edificio Amarelle 2-Portal 1	
CATEGORÍA SUELO	URBANO ORDENANZA 6.1	
REFERENCIA CATASTRAL	0714603NH0101S0045FI	
	REGISTRO GENERAL	
	EXPTA DE OBRAS	

Autor del informe: Jesús García Ramos-Aparejador municipal

Se solicita licencia para la legalización de una entreplanta de 78,80 m2 en un local comercial de 635,06 m2.

Según el Art. 2 de la *Ley de Ordenación de la edificación* y el Art. 351 del *Decreto 143/2016, de 22 de septiembre que aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia* la obra solicitada necesita proyecto y es un acto sujeto a licencia municipal.

El objetivo de este informe es la comprobación de que la solicitud de licencia urbanística municipal presentada por el Promotor contenga los requisitos de la legislación vigente, los datos y documentos apropiados y que el proyecto técnico se ajuste al ordenamiento urbanístico vigente y reúna las condiciones exigibles de seguridad, salubridad, habitabilidad y accesibilidad.

LEGISLACIÓN APLICADA

- *LEI 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia*
- *Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, que aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia.*
- *Plan General de Ordenación Municipal aprobado definitivamente en sesión plenaria de fecha 17/12/2002*
- *Código Técnico de la Edificación aprobado por R.D. 314/2006 de 17 de Marzo (CTE)*
- *Decreto 35/2000 de 28 de Enero por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo y ejecución de la Ley de accesibilidad y supresión de barreras en la Comunidad Autónoma de Galicia.*
- *Orden CTE/1296/2003 de 14 de Mayo por la que se desarrolla el Reglamento regulador de las infraestructuras comunes de telecomunicaciones para el acceso a los servicios de telecomunicación en el interior de los edificios y la actividad de instalación de equipos y sistemas de telecomunicaciones aprobado por el Real Decreto 401/2003 de 4 de Abril.*
- *Decreto 29/2010 por el que se aprueban las normas de habitabilidad de viviendas de Galicia.*

CONDICIONES GENERALES:





CONCELLO
DE
RIVERA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

El **Plan General de Ordenación Municipal (PXOM)** aprobado definitivamente en sesión plenaria de fecha 17/12/2002 no está adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia por lo que de acuerdo con la Disposición transitoria primera de la LEI 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia "Régimen de aplicación a los municipios con planeamiento no adaptado y a los municipios sin planeamiento" al suelo urbano, se le aplicará íntegramente lo dispuesto en el planeamiento respectivo.

PXOM : CAPITULO 3 - REGLAMENTO DEL USO TERCIARIO
ARTICULO 112: DEFINICION Y CLASES

2.- Uso comercial

a) **Definición:** Corresponden a este uso los establecimientos dedicados a compra-venta de mercaderías ó productos a baja escala.

b) **Clasificación:** A efectos de estas ordenanzas se establecen dos categorías:

- Categoría 1ª: locales comerciales situados en cualquier planta de la edificación, compatibles con el uso de vivienda y otros usos, con acceso independiente desde el exterior.

- Categoría 2ª: edificios dedicados en más del 60% de su superficie al uso comercial pudiendo dedicarse el resto a otros usos, excepto al de vivienda.

c) **Condiciones:** Además de cumplir las disposiciones legales que corresponden a las condiciones de uso, volumen y ordenanzas de la zona, se observaran las siguientes condiciones:

1ª) En el caso de que el mismo edificio acoja usos comerciales y de vivienda, deberá disponer de escaleras y acceso a las viviendas independientes.

2ª) Los locales comerciales tendrán una superficie mínima de 6 m² por cada puesto de trabajo y un volumen mínimo de 18 m³.

3ª) Los locales comerciales dispondrán de: 1 retrete y 1 lavabo por cada 200 m² de superficie o fracción. A partir de los 200 m² se instalarán servicios independientes para ambos sexos. Pueden quedar dispensados de estos requisitos los locales menores de 50 m² siempre que la vivienda anexa permita el uso de dichos servicios. Los retretes se separarán de la zona del público por un distribuidor ó mampara.


4ª) Se exigirán las instalaciones necesarias para evitar las molestias como: olores, humos, vibraciones, etc., así como para la prevención y extinción de incendios.

5ª) **En estos locales se admitirán las entreplantas que no ocupen más del 50% de la superficie del local, de manera que los espacios útiles tengan una altura libre mínima de 2,20 m.**

Estos locales estarán abiertos e incorporados al resto del local o en su defecto con ventilación e iluminación directa al exterior.

COMPROBACIONES

SOLICITUD	
Datos identificativos de la persona física o jurídica promotora y, en su caso, de quien la represente, así como una dirección al efecto de notificaciones.	CUMPLE
Descripción suficiente de las características del acto de que se trate, que detalle los aspectos básicos del mismo, su localización y la edificación o inmueble al que afecte, así como la referencia catastral del mismo.	CUMPLE
Justificante de pago de los tributos municipales.	CUMPLE
Autorizaciones urbanísticas o sectoriales de otras administraciones públicas	CUMPLE





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Presentación de proyecto completo redactado por técnico competente	CUMPLE
Oficios de dirección de obra	CUMPLE
Autorizaciones / Informes sectoriales	CUMPLE
PROYECTO	
Técnico autor del proyecto JOSÉ MANUEL DIOS TOMÉ	CUMPLE
Datos del visado colegial COETIAC Nº 785/2017-ST	CUMPLE
Memoria urbanística, como documento específico e independente, en la que se indicará la finalidad y el uso de la construcción o actuación proyectada, razonándose su adecuación a la ordenación vigente, con expresa indicación de la clasificación y calificación del suelo objeto de la actuación y de la normativa y de las ordenanzas aplicables a él.	CUMPLE
PLANEAMIENTO MUNICIPAL	
PXOM	PROYECTO
OBRAS ADMISIBLES: REFORMA, AMPLIACIÓN	REFORMA-AMPLIACIÓN
USOS ADMISIBLES: COMERCIAL	COMERCIAL
Art. 112	JUSTIFICADO

Se justifica en proyecto el cumplimiento de la normativa de aplicación de la parte de local correspondiente a la **ampliación de entreplanta**, que es el objeto de este informe por lo que se excluye del mismo el resto de local.

CONCLUSIÓN

Se informa favorablemente.

Riveira, a miércoles, 21 de junio de 2017

Fdo. Jesús García Ramos
Aparejador Municipal

(...)

“

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CON ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA.**

Segundo Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

Terceiro.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas reiduais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en





condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

Cuarto.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

Quinto.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse

Sexto.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Sétimo.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.





Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto de Legalización visado polo C.O.E.T.I. de A Coruña de 12 de maio de 2017 redactado polo Sr. José Manuel Dios Tomé, (enxeñeiro técnico industrial Col. nº 2.166).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

Oitavo.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

Noveno.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.





Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Décimo.- O artigo 147 da Lei do Solo establece en relación aos actos promovidos polas administracións públicas que

Os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

Decimoprimeiro.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumplan.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.





g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Decimosegundo.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Decimoterceiro.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Sr. Jesús García Ramos 21 de xuño de 2017, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 12/07/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER ao Sr. José Carlos Cañestro Lijó **LICENZA DE OBRA DE LEGALIZACIÓN DE ENTREPLANTA EN LOCAL COMERCIAL EXISTENTE** sita en parcela con refª catastral nº 0714603NH0101S0045FI na Rúa Amarella nº 4, Edificio Amarella 2, Portal - I, Riveira, nos termos do Proxecto de Legalización visado polo C.O.E.T.I. de A Coruña de 12 de maio de 2017 redactado polo Sr. José Manuel Dios Tomé, (enxeñeiro técnico industrial Col. nº 2.166).

Segundo.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia (Dog nº 247 do 27 de decembro), *non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial*, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación





correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

Terceiro.- Antes de iniciar actividade algunhano local comercial, presentárase comunicación previa para o inicio da actividade cos requisitos especificados nos artigos 33 e 24 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia (Dog nº 247 do 27 de decembro), realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado.

Cuarto.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*

Quinto.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Enrique Jiménez Montes**, de data 21/06/2017, no que solicita informe sobre o estado dun expediente administrativo relativo á tramitación dunha licenza de obras para a construción dun edificio de vivendas emprazado na Rúa Luis Seoane (Aguíño).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, **Alberto Iglesias Fungueiriño**, de data 19/07/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

REF. CATASTRAL:9185407MH9098N0001AY

En relación ó asunto que figura no presente encabezamento de acordo cos datos que figuran no expediente administrativo (licenza de obras: 64/07), cómpreme informar o seguinte:





- 1) Con data de 8 de febreiro de 2007 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a DON MANUEL PÉREZ RIOS para a construción dun edificio de vivendas a emprazar na rúa Luis Seoane de Aguiño e de acordo co proxecto básico redactado polo arquitecto José Luis Bande Mariño.
- 2) Consta no acordo de licenza unha serie de requisitos, e entre os que se sinalan, faise referencia á presentación antes do inicio das obras do proxecto de execución e o proxecto de de infraestruturas comúns de telecomunicacións.
- 3) Nese mesmo ano, e con data de 13 de setembro de 2007 a Xunta de Goberno Local acorda conceder o cambio de titularidade da licenza anteriormente meritada (64/07) a favor da entidade mercantil PROMOCIONES Y CONSTRUCCIONES OUSAN, S.L.
- 4) Puido comprobarse na análise do expediente, que ata a data non se ten presentado o proxecto de execución, nin o proxecto de de infraestruturas comúns de telecomunicacións, para habilitar o inicio das obras autorizadas, tal e como se fai constar no acordo de concesión de licenza. E nin moito menos, consta se teña solicitado a preceptiva licenza de primeira ocupación, a cal habilitaría a ocupación para o destino proxectado (vivenda colectiva).
- 5) De tódolos xeitos e unha vez realizada visita ao lugar, puido comprobarse que a edificación tense iniciada e amosando un elevado grao evolutivo na súa execución, posto que a envolvente da mesma (fachadas, carpinterías exteriores e cobertura) están rematadas.
- 6) Ante o exposto, debemos de indicar que procede aportar a pertinente documentación técnica para a súa legalización e unha vez legalizada a execución das obras, procede tramitar a preceptiva licenza de primeira ocupación (LPO). Polo tanto habería que aportar o proxecto de execución, ou no caso de terse realizado modificacións durante a execución das obras, aportaríase proxecto de legalización, facendo fincapé nas alteracións realizadas sobre o proxecto básico autorizado na XGL de data de 08.02.2007. Deberase de aportar tamén o proxecto de telecomunicacións e os oficios de dirección de obra que esixe a LOE para o presente caso.
- 7) E xa por último debemos de significar que a LPO é o documento administrativo que garante que a edificación reúne as condicións de habitabilidade e que é apta para o uso e a finalidade á que se destina, axustándose á licenza concedida no seu día e conforme ao proxecto presentado.

2.- Vistos os escritos presentados por **Lucía Couto Martínez**, de datas 13/06/2017 e 15/06/2017 (Rexistros de entrada nº 10.026 e 10.307), nos que solicita informe sobre natureza xurídica dun camiño situado no lugar de San Pedro (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 18/07/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:





En relación ó asunto que figura no presente encabezamento e de acordo cos datos facilitados polo solicitante, teño a ben de informar o seguinte:

1.- Na planimetría do PXOM non figura a grafía do referido camiño, cuestión que tampouco resulta determinante, posto que se trata dun ámbito rústico e en parte de solo de núcleo rural, e onde o planeamento tan só representa os camiños estruturantes ou de maior xerarquía.

2.- Na cartografía catastral figura camiño de acceso á parcela 787, así como á parcela próxima e propiedade da interesada (792), polo vento norte das mesmas. Pero este feito non é determinante á hora de recoñecer o carácter público do mesmo, de ahí que se teña solicitado á interesada que aporte documentación complementaria ao respecto.

3.- Con data de 13.06.2017, a interesada aporta copia de escritura de propiedade da finca nº 792, onde ten emprazada a súa vivenda e próxima á parcela nº 787, e sobre a que se solicita informe.

4.- De acordo coa escrituras aportada pola propiedade; e realizada ante o Notario de Riveira, don Óscar Manuel López Doval (nº 727 do seu Protocolo), onde se describe a finca propiedade da interesada e de referencia catastral: 15074A036007920000KY; pode comprobarse que a mesma limita polo seu vento norte con camiño público.

A presente escritura consta inscrita no rexistro da propiedade de Noia.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por Yolanda Villaverde Argibay en representación da Luz Angélica Villaverde González, de data 17/07/2017 (Rexistro de entrada nº 12.299), no que solicita a habilitación dunha zona de carga e descarga na Rúa Francisco Lorenzo Mariño, nº 44-Baixo (Aguíño)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 20/07/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a habilitación dunha zona de carga/descarga na Rúa Francisco Lorenzo Mariño, nº 44-Baixo (Aguíño), fronte a un establecemento dedicado a panadería, nun tramo equivalente ao estacionamento en liña de tres turismos, segundo se sinala no citado informe policial.

2.- Visto o escrito remitido pola **Secretaría Xeral de Medios – Presidencia – Xunta de Galicia**, de data 14/07/2017 (Rexistro de saída nº 63913/RX1058849), e rexistrado de entrada en data 20/07/2017 co nº 12.497, no que solicita a colaboración do Concello de Riveira para poder determinar a persoa ou entidade responsable da actividade económica que se está a realizar na Rúa Monumento (Riveira), que consiste na prestación dun servizo de comunicación audiovisual radiofónica sen dispor de lizeza.

A Xunta de Goberno Local, acusa recibo do escrito de referencia e, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se procedan a adoptar as medidas oportunas ao respecto.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 27 de xullo de 2017

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral



Manuel Ruíz Rivas



Juan Manuel Salguero del Valle